



**ASOCIACIÓN POR QUÉ NO AYUDAR**  
RUA GAMBRINUS,151, MOD 0, NAVE 3  
15008 A CORUÑA  
A CORUÑA

**Nº EXPEDIENTE: BS505A 2018/21-1**

<b>REXISTRO DE ACCIÓN VOLUNTARIA</b>	<b>BS505A</b>	<b>RESOLUCIÓN DE INSCRIPCIÓN E NOTIFICACIÓN</b>
--------------------------------------	---------------	---

**DATOS DE IDENTIFICACIÓN:**

NOME DA ENTIDADE: ASOCIACIÓN POR QUÉ NO AYUDAR		NIF: G70529870
Nº DE INSCRIPCIÓN: O-821	ENDEREZO: RUA GAMBRINUS,151, MOD 0, NAVE 3	
LOCALIDADE: A CORUÑA	PROVINCIA: A CORUÑA	CP: 15008
REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE: Jorge Rodríguez Vázquez		NIF: 32791963N

Vista a solicitude de inscrición no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia da entidade **ASOCIACIÓN POR QUÉ NO AYUDAR**, ao abeiro do establecido na Orde do 14 de marzo de 2014 pola que se regula o Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia e de conformidade cos seguintes

**FEITOS**

**Primeiro.-** Con data 28/05/2018, tivo entrada no rexistro xeral do edificio administrativo da Xunta de Galicia en A Coruña a solicitude de inscrición no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia da entidade ASOCIACIÓN POR QUÉ NO AYUDAR.

**Segundo.-** Con data 30/05/2018 tivo entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela o expediente remitido polo Servizo de Xuventude e Voluntariado da Xefatura Territorial desta Consellería en A Coruña para proceder á súa resolución.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** De conformidade co Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, corresponde á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado a competencia en materia de voluntariado, de conformidade coa Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.





**Segundo.-** O artigo 32 da Lei 10/2011, do 28 de novembro, crea o Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia, que se estrutura en dúas seccións: Sección de entidades de acción voluntaria e Sección de experiencias das persoas voluntarias.

Este rexistro está adscrito actualmente á Consellería de Política Social.

**Terceiro.-** A documentación e os datos que constan no expediente axústanse ao establecido no artigo 9 da Orde do 14 de marzo de 2014 pola que se regula o Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.

En virtude do exposto,

### RESOLVO

Acordar a inscrición no Rexistro de Entidades Voluntaria de Galicia, da Entidade **ASOCIACIÓN POR QUÉ NO AYUDAR**, asignándolle o número **O-821**.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Política Social, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á notificación desta resolución, consonte co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2018

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

Cecilia Vázquez Suárez

